



CASA DAS MULLERES DE VIGO

CURSO DE FORMACIÓN EN IGUALDADE PARA MONITORADO DE ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL E DO OCIO E TEMPO LIBRE

(online e presencial, 26 horas, outubro-novembro 2020)

- **Destinado a:** monitorado de animación sociocultural e de ocio e tempo libre
- **Formadora:** Cristina Rodríguez Ramos, experta en Xénero e Igualdade de Oportunidades
- **Obxectivo:** facilitar a incorporación da perspectiva de xénero no traballo nos eidos da animación sociocultural e do tempo libre.
- **Contidos:**
 - Introducción á perspectiva de xénero. Socialización de xénero e as súas consecuencias.
 - A transversalidade aplicada ao ámbito do tempo libre: a coeducación.
 - Elementos clave para a planificación coeducativa: a comunicación (linguaxe e imaxes), materiais didácticos, habilidades sociais.
 - Prevención, detección e orientación no ámbito da violencia machista. Como intervir ante un posible caso.
- **Metodoloxía mixta:** 26 horas de formación online soportada sobre Google Classroom (enviarase procedemento a cada persoa inscrita). As sesións teóricas supoñen unha carga lectiva de 18 horas e consistirán en exposicións dos contidos empregando documentos, vídeos e chat coa docente. As sesións prácticas serán presenciais e correspóndense coas restantes 8 horas e abordarán dinámicas, análise de spots, vídeo-clips, curtametraxes, documentais, etc. relacionados cos temas
- **Calendario.** 6 sesións online e 2 sesións presenciais. 26 horas.
 - Online: luns 16, martes 17, mércores 18 de novembro; luns 30 de novembro, martes 1 e mércores 2 de decembro, de 17.30h a 20.30h.
 - Presencial: venres 20 de novembro e venres 3 de decembro, de 17.30 a 21.30h. No caso de que por motivos sanitarios se produzan restricións nas actividades presenciais, estas dúas sesións substituiranse por traballos individuais a enviar pola plataforma habilitada.
- **Inscrición:** Remitirse a folia de inscrición cuberta e asinada a un dos seguintes enderezos electrónicos: casadasmulleres@vigo.org ou ofi.muller@vigo.org. Prazo: ata cubrir as prazas: Outorganse as prazas por orde de inscrición, preferentemente ás persoas empadroadas en Vigo.
- **Acreditación:** Entregarase un diploma acreditativo do aproveitamento do curso. Para poder obter este diploma, deberase asistir e ter un aproveitamento do curso de ao menos o 80%, así como unha cualificación de apta. A avaliación comprenderá tres aspectos: asistencia, probas teóricas e prácticas realizadas e actitude participativa e respectuosa.

Protocolo covid-19

Grupo reducido con aforo limitado. Participación na actividade: condicionada a ter praza confirmada e cumprir coa normativa interna en relación a prevención sanitaria fronte á covid-19

Inscrición previa e máis info:

Casa das Mulleres

Rúa Romil, 20
986 442 194

casadasmulleres@vigo.org Luns a venres,
17:30-21:30

Concellería de Igualdade

Praza do Rei 1, 1º andar
986 810 284

ofi.muller@vigo.org
Luns a venres, 9:00-13:30



www.igualdadevigo.org